



XUNTA
DE GALICIA

CEP PLURILINGÜE PILAR
MAESTÚ SIERRA

Cadreche, s/n
15948 POBRA DO CARAMIÑAL
(881/ 86 62 87 // 881/ 86 62 88
cep.pilar.maestu@edu.xunta.es

admisión

24-25

C.E.P. Plurilingüe Pilar Maestú Sierra



A Pobra do Caramiñal



NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

- **Decreto 13/2022**, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 21 de outubro de 2022** pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

PRAZOS PROCESO ADMISIÓN CURSO 24/25

	DATAS
PRESENTACIÓN SOLICITUDES ADMISIÓN	DO 01 AO 20 DE MARZO
PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN XUSTIFICACIÓN CRITERIOS BAREMO ALEGADOS SE FOSE NECESARIO	DO 21 DE MARZO AO 12 DE ABRIL
PUBLICACIÓN LISTAXE ADMITID@S PROVISIONAL	DÍA 25 DE ABRIL
RECLAMACIÓN S Á LISTAXE PROVISIONAL	DENDE O 26 ATA AO 03 DE MAIO
PUBLICACIÓN LISTACE DEFINITIVA DE ADMITID@S	15 DE MAIO.



ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8, da orde do 21 de Outubro de 2022.

4º- A admisión e matriculación nun centro público implicarán respectar o proxecto educativo dese centro.

CRITERIOS DE ADMISIÓN

No caso de que o número de solicitudes supere ao número de postos escolares dos que dispoñemos facrase preciso aplicar os criterios de admisión coa finalidade de realizar a baremación correspondente, que seguirá os seguintes criterios, explicados na táboa de adiante:



Criterio	Condições	Puntuación
1. Irmán ou irmá matriculados no centro.	<p>Terán a mesma consideración que os irmáns por natureza e adopción. a) Os fillos de calquera dos cónxuxes ou persoas unidas por análoga relación de afectividade, sempre que convivan na unidade familiar.</p> <p>b) As persoas en situación de tutela ou garda en acollemento familiar, sempre que convivan na unidade familiar.</p> <p>2. Só se terán en conta os irmáns que vaian continuar escolarizados no curso para o cal se solicita a admisión no mesmo centro, ou noutro centro público que teña a consideración de centro único (isto é, centro adscrito e de adscrición do nivel inmediato superior).</p>	Por unha irmá ou un irmán matriculado/o no centro: 8 puntos; polo segundo e seguintes, 2 puntos por cada un, co máximo de 14 puntos.
2. Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo da persoa proxenitora, titora ou acolledora.	<p>Considérase domicilio familiar aquel en que convivan habitualmente os membros computables da unidade familiar cunha antigüidade mínima dun ano respecto do inicio do prazo de presentación de solicitudes. Cando non se reúna o requisito da antigüidade mínima dun ano, a persoa solicitante deberá acreditar o título que lexitime a ocupación da vivenda e a residencia real e efectiva nela.</p> <p>3. Nos casos de separación ou divorcio das persoas proxenitoras, se teñen atribuída a custodia compartida, considérase domicilio familiar aquel en que figure o/a alumno/a. No suposto de custodia exclusiva, aquel en que figure a persoa proxenitora que teña atribuída a custodia do alumno/a. En ambos os casos, será de aplicación o requisito xeral da antigüidade mínima dun ano e a excepción indicada no número anterior.</p>	Por proximidade do domicilio familiar ao centro docente será a seguinte: a) Se está na área de influencia do centro: 8 puntos. b) Se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro: 4 puntos.



Criterio	Condições	Puntuación
	<p>Considérase lugar de traballo o enderezo concreto onde estea situado o centro de traballo do membro computable da unidade familiar.</p> <p>Nos casos de separación ou divorcio, se a custodia é compartida, poderase optar polo lugar de traballo de calquera das persoas proxenitoras; se a custodia é exclusiva, terase en conta o lugar de traballo da persoa proxenitora que a teña atribuída.</p>	<p>Por proximidade do lugar de traballo ao centro docente será a seguinte:</p> <p>a) Se está na área de influencia do centro: 6 puntos.</p> <p>b) Se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro: 3 puntos.</p>
<p>3. Renda per cápita da unidade familiar</p>	<p>A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao ano natural de presentación da solicitude entre o número de membros computables.</p> <p>2. A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas obtidas polos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.</p> <p>Cando presenten declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal correspondente, sumaranse a base imponible xeral e a base imponible do aforro.</p> <p>Cando non a presenten, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.</p>	<p>A puntuación, por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do exercicio fiscal a que corresponde a renda, será a seguinte:</p> <p>a) Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos.</p> <p>b) Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos.</p> <p>c) Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: 1 punto.</p> <p>d) Se é igual ou superior ao IPREM: 0 puntos.</p>



Criterio	Condições	Puntuación
<p>4. Persoa proxenitora, titora ou acolledora traballadora do centro docente</p>	<p>A persoa proxenitora, titora ou acolledora terá a consideración de traballadora do centro docente cando estea vinculada con este por unha relación funcional ou por un contrato de traballo de duración indefinida ou temporal, sempre que, neste último caso, dure ata o final do curso para o cal solicita a admisión.</p>	<p>A puntuación por persoa proxenitora, titora ou acolledora traballadora do centro será de 3 puntos, con independencia de que ambas traballen nel.</p>
<p>5. Familia numerosa</p>		<ol style="list-style-type: none">1. Por familia numerosa de categoría especial: 3 puntos.2. Por familia numerosa de categoría xeral: 2 puntos.
<p>6. Alumnado nado de parto múltiple</p>		<p>No caso de irmáns nados dun parto múltiple, sempre que soliciten o mesmo centro, co-rresponderanlles 8 puntos se son dous e 10 puntos se son máis de dous.</p>



Critério	Condições	Puntuación
7.Familia monoparental		2 PUNTOS
8.Discapacida de de calquera membro computable da unidade familiar	Por discapacidade igual ou superior ao 33 % dos membros computables da unidade familiar	Alumno/a: 4 puntos. b) Calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora: 3 puntos. c) Calquera das irmás ou dos irmáns: 1 punto por cada un. Terá a consideración de discapacidade equiparada ao 33 % a percepción de pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, e a percepción de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
9.Condición de vítima de violencia de xénero	Calquera dos membros computables da unidade familiar teña a condición de vítima de violencia de xénero	2 PUNTOS
10.Condición de vítima de terrorismo	Calquera dos membros computables da unidade familiar teña a condición de vítima de terrorismo	2 PUNTOS



Critério	Condicións	Puntuación
11.- <i>Criterio complementar do centro:</i> Ser irmán ou fill@ dun exalumn@ do centro.		1 PUNTO

NEN@S CON NECESIDADES

1. Na solicitude de admisión (ED550B) a persoa solicitante poderá optar expresamente por un posto reservado a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Neste caso, o centro docente remitirá esta solicitude, a documentación xustificativa das situacións ou circunstancias concretas do alumnado que a acompañe e a súa avaliación psicopedagóxica inicial á xefatura territorial respectiva, no prazo máximo de 10 días hábiles seguintes ao da presentación da solicitude.

2. O equipo de orientación específico, á vista da documentación e do informe inicial do centro, emitirá o seu informe preceptivo e non vinculante en que se indique se procede ou non a escolarización con cargo á reserva de prazas de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

3. A xefatura territorial remitiralles os informes do equipo de orientación específico aos centros afectados con copia á inspección educativa, antes da publicación da listaxe provisional do alumnado admitido e non admitido.

NO CASO DE BAREMO:

Cando os postos escolares reservados ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo sexa inferior ao número de solicitudes con informe favorable do equipo de orientación específico, o centro docente requirirá as persoas solicitantes para que acheguen de forma presencial a documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados e establecer unha orde de prelación.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- MODELO ED550B
- ANEXO II E ANEXO II BIS
- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar.



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUSTIFICACIÓN BAREMOS

CRITERIO	XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL
2. Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo da persoa proxenitora, titora ou acollidora.	<p>DOMICILIO FAMILIAR: Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes. Se a residencia no domicilio for inferior a 1 ano, deberá, achegar ademais escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexitima a ocupación da vivenda, así como recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz...).</p> <p>LUGAR DE TRABALLO:</p> <p>Persoa traballadora por conta allea: contrato de traballo en que conste o enderezo do centro de traballo e informe de vida laboral obtido no ano natural do procedemento de admisión.</p> <p>Persoa traballadora por conta propia: certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT en que conste o enderezo do centro de traballo ou licenza de apertura ou actividade do concello, se non está obrigado a estar de alta no dito censo.</p> <p>Persoal ao servizo das administracións públicas: certificado da unidade de persoal en que conste o enderezo do centro de traballo.</p>
6. Alumnado nado de parto múltiple	Libro de familia ou certificación de parto múltiple
7. Familia monoparental	Documentación xustificativa de condición de familia monoparental
8. Discapacidade de calquera membro computable da unidade familiar	Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da familia non expedido pola Administración autonómica.



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUSTIFICACIÓN BAREMOS

CRITERIO	XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL
9. Condición de vítima de violencia de xénero	Documentación xustificativa da condición de vítima de violencia de xénero de acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
10. Condición de vítima de terrorismo	Certificado de vítima de terrorismo de acordo coa Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.
11. Criterio do centro	Documento xustificativo de exalumno do centro.

CRITERIOS DE DESEMPATE

1. En caso de empate na puntuación total, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo seguindo a orde de prelación do artigo 13.
 2. Se persistise o empate, resolverase tendo en conta o resultado dun sorteo público anual que realizará a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a última semana do mes de febreiro e, en todo caso, antes do 1 de marzo.
- Neste sorteo extraeranse aleatoriamente dúas bolas dun conxunto de dez, numeradas do 0 ao 9. Antes de proceder a cada extracción, volverase a introducir a bola extraída con anterioridade. O número obtido ao colocar de esquerda a dereita e pola mesma orde de extracción as bolas divídese entre cen; se o número obtido fose "00" hai que considerar que a extracción se corresponde co número 100 para facer a división. Este número (0.70 é o número extraído), multiplícase polo número de solicitudes empatadas en cada centro e curso e o resultado desta multiplicación redondéase á alza.
- O dito número enteiro determina a posición ordinal da solicitude que ocupará o primeiro lugar e, a partir desta, a orde das sucesivas solicitudes empatadas, previamente ordenadas de forma ascendente e correlativa con base no número aleatorio asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación no sistema.